

Asunto: Petición de máscaras de protección para as e os docentes galegos

D. JULIO TRASHORRAS DE LA FUENTE, CON D.N.I. núm. ██████████ con domicilio a efectos de notificacións en Rúa San Roque 94-98, C.P 27002 LUGO, actuando na súa calidade de Vicepresidente Autonómico de ANPE Galicia.

EXPOÑO:

1.- A Comunidade Autónoma de Galicia obriga ao usa da máscara de protección en todo momento a todas as persoas maiores de 6 anos e recomenda o seu uso nos maiores de 3 anos e menores de 6.

2.- Nas instrucións polas que se incorporan a declaración de actuacións coordinadas en materia de saúde pública aprobadas polo Consejo Interterritorial do Sistema Nacional de Salud Pública (D.O.G nº 174 bis do 28-08-2020) e a actualización das recomendacións sanitarias do Comité Clínico ao protocolo do 22 de xullo de adaptación ao contexto da COVID 19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021 publicadas no portal educativo da Consellería o pasado día 31 de agosto recóllese dita obriga de uso das máscaras tanto polo persoal docente e non docente como do alumnado maior de 6 anos durante toda a xornada lectiva (**é dicir, un mínimo de 5 horas**). Así mesmo tamén recolle no seu apartado 6.1 que a Consellería fará un **aprovisionamento inicial** de máscaras de protección.

3.- Que a provisión de máscaras para o persoal docente dos centros educativos, máis aló do aprovisionamento inicial establecido no protocolo, corresponde tal e como establece a normativa vixente en materia de prevención de riscos laborais (normativa de carácter estatal, básica e de obrigado cumprimento para todas as empresas) á Consellería de Educación. A nosa organización velará polo cumprimento desta normativa e iniciará as accións legais oportunas en caso do seu incumprimento por parte da Administración Educativa.

SOLICITO:

Que se dote de máscaras de protección de alta calidade a todo o persoal docente dos centros públicos durante todo o curso escolar 2020-2021, así como de todo o material sanitario, de protección e de limpeza que sexa necesario en tanto en canto se manteñan as actividades presenciais nos mesmos e que dita dotación sexa a cargo directo da Consellería de Educación e non das dotacións dos propios centros educativos.

Santiago de Compostela, 4 de setembro de 2020.



Asdo.: JULIO TRASHORRAS DE LA FUENTE
VICE PRESIDENTE ANPE GALICIA.

ILMA SR. DIRECTOR XERAL DE CENTROS E RUCURSOS HUMANOS DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL.

Edificio Administrativo San Caetano S/N Santiago de Compostela. A Coruña